

# MANUAL DE USO

Materia de Grego I (1º bach.)

*Autor: Francisco X. Santos Caamaño*



Este obxecto dixital educativo (ODE) está deseñado tanto para ser utilizado de forma autodidacta por alumnos de 1º de bacharelato, como para servir de recurso didáctico para o profesorado que queira desenvolver o currículo da materia Grego I con alumnos deste nivel.

O curso segue de preto os contidos e estándares de aprendizaxe do currículo da materia, polo que consideramos que é un medio axeitado para guiar o inicio e desenvolvemento dos procesos de ensino aprendizaxe.

O ODE desenvolveuse a través da aplicación eXeLearning, deseñada especificamente para a creación de materiais educativos. Consta de 12 unidades, divididas á súa vez en diferentes seccións, con apartados de actividades onde se propoñen tarefas de diversa orde que pretenden axudar a dominar os contidos desenvolvidos en cada sección.

A intención primordial do ODE é ofrecer un introdución sinxela e práctica á lingua, cultura e pegada do grego clásico, empregando para iso os recursos que que compoñen o propio ODE e tamén os que ofrece a Rede. Desde esta perspectiva, creemos que é necesario implementar actividades nesta materia que impliquen o desenvolvemento das capacidades útiles para desenvolver procedementos de busca, análise, síntese e presentación de información a través das ferramentas TIC, como se trata por exemplo nas actividades de elaboración de presentacións dixitais en Rede ou a construción de liñas de tempo ou mapas conceptuais interactivos. A este efecto, o ODE propón diversos exemplos de tarefas a desenvolver na Rede adecuadas á idade e nivel de bacharelato; pero entendemos que estas son simples exemplos e que corresponde á iniciativa dos alumnos e docentes a posta en práctica destas ou outras semellantes que resulten interesantes e motivadoras.

Para unha maior información sobre estes aspectos, recomendamos revisar o apartado de *Guía didáctica* que serve de introdución do ODE.